

Lugar: PORTO DE CAMPELO (PONTEVEDRA)

Horario: 14:30 a 16:00 horas

O proxecto **GESTALGAR** <http://gestalgar.cetmar.org/gl/> **Gestión Integral de las Algas de Arribazón en Galicia**, comezou en setembro de 2018 e chega ao seu final neste mes de decembro de 2020.

O seu obxectivo foi e aínda é o de tratar de aproveitar as algas de arribazón coma fonte de materia prima para elaborar distintos tipos de compost biolóxico con aplicacións diversas.

Un dos requisitos para que estas algas sexan útiles nos procesos de compostaxe é o de libéralas de impropios (area e outros elementos) e polo tanto, resulta necesario facelo ben en orixe (praias) ou ben en destino (empresas de produción de compost), sendo sen dúbida a primeira das devanditas localizacións a idónea.

Ao longo do proxecto deseñouse e construíuse un prototipo con esta finalidade, e nesta Xornada Demostrativa os asistentes terán a oportunidade de ver e valorar en directo as vantaxes deste equipo e analizar o impacto que podería ter no futuro na xestión e valorización destes residuos que, realmente, poderían transformarse en materias primas cunha xestión adecuada.

Esta Xornada está pensada especialmente para representantes de Confrarías e Concellos que estimamos son os máis prexudicados por este fenómeno das algas de arribazón, e tamén para representantes da Administración e Xestores de Residuos que poidan estar interesados.



LONXA DE CAMPELO A.I.E.



22

DECEMBRO
2020

XORNADA DEMOSTRATIVA: PROTOTIPO PARA A LIMPEZA DE ALGAS DE ARRIBAZÓN



<http://gestalgar.cetmar.org>



gestalgar
GESTIÓN DE ALGAS DE ARRIBAZÓN